

*A mulher no
mercado laboral.
2005*



Gabinete Técnico Confederal

A SITUACIÓN LABORAL DA MULLER. 2005

Como cada 8 de marzo, agora de conmemorar o día da muller traballadora, toma especial relevancia a súa situación actual dentro do mercado de traballo, xa que, loxicamente, neste día, non so se lembran uns feitos acaecidos, senón que se reivindicán melloras ata, cando menos, acadar a “plena igualdade laboral cos homes”.

Esta máxima, que non por manida deixa de ser necesaria, esta moi lonxe de alcanzarse e cobra especial importancia nun momento onde os retrocesos a nivel laboral son palpables e cuantificables. Pero palpables e cuantificables para homes e mulleres; polo cal, estas últimas, necesitan dun dobre esforzo xa que en calquera situación de crise os máis débiles son os primeiros e máis prexudicados, e dentro do mercado laboral galego este papel xógano as mulleres e os máis novos.

Os datos que nos aporta a Enquisa de Poboación Activa (EPA), deste último ano permítenos facer dita aseveración, aínda que non nos permiten comparar con anos anteriores xa que os cambios metodolóxicos practicados no último ano, deixáronnos, polo momento, sen series homoxéneas para comparar.

Tamén temos que destacar as fortes controversias que suscitaron os resultados da nova EPA, especialmente en Galicia, onde a taxa de paro se reduciu drasticamente e a ocupación medrou considerablemente sen producirse cambios económicos que xustificuen ditas modificacións. Isto levou a solicitar o INE, por parte de varias organizacións, incluso do propio goberno galego, explicacións de ditos resultados, algo polo que seguimos agardando.

Temos que ter en conta estas salvedades agora do uso dos datos que pasamos a analizar.

A taxa de actividade masculina supera en 18,3 puntos á feminina.

O primeiro dato co que nos atopamos ó analizar a situación laboral das mulleres é o reducido número delas integradas no mercado laboral. A pesar de haber máis mulleres que homes en idade de traballar, as mulleres en activo (548.200 de media en 2005) son moi inferiores ós homes (706.600), de aí as menores taxas de actividade feminina.

A taxa de actividade feminina foi do 44,3% de media en 2005, é dicir, de cada 100 mulleres en idade de traballar tan só 44 están ou traballando ou buscando emprego, un índice moi baixo que contrasta co 62,6% da taxa de actividade masculina.

Se nos comparamos coa media estatal, é dous puntos inferior, e con respecto a media europea dos 25, a diferenza é de 4 puntos.

Esta cativa taxa de actividade está acompañada dunha baixa taxa de emprego, de cada 100 mulleres en idade de traballar tan só 38,3 teñen un emprego. Esta baixa taxa de ocupación ven producida; polas enormes dificultades que as máis novas atopan agora de encontrar un emprego (a taxa de paro supera o 40%), e a baixa porcentaxe de mulleres maiores de 55 anos que se incorporan o mercado de traballo, e polo tanto traballan ou buscan emprego.

Taxas de actividade, ocupación e paro por sexo e idade.

	Taxa de actividade			Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	53,0	62,6	44,3	47,8	58,1	38,3	9,9	7,2	13,5
de 16 a 19 anos	19,0	21,7	16,3	13,4	17,1	9,5	29,7	21,3	41,3
de 20 a 24 anos	63,8	68,9	58,6	51,4	58,3	44,4	19,4	15,4	24,3
de 25 a 54 anos	80,0	89,8	70,4	72,8	84,1	61,6	9,0	6,3	12,5
de 55 e máis anos	18,6	25,5	13,3	17,5	24,2	12,3	6,2	5,0	8,

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa.

De media no 2005, a taxa de actividade feminina (44,3%), foi 18,3 puntos porcentuais inferior á masculina. Aínda que en tódolos grupos de idade a masculina supera a feminina, a idade é un factor diferenciador; a medida que se incrementa a idade dos activos, medra a diferenza entre sexos, ate o grupo de máis idade, máis de 55 anos, onde se volve a reducir.

Este acercamento dos máis novos, permítenos certo optimismo futuro, pero que logo o escurecen as taxas de ocupación e paro: a taxa de ocupación dos homes mais novos practicamente duplica a das mulleres con menos idade, e a taxa de paro é a inversa, é a das mulleres máis novas a que practicamente duplica á dos homes de menor idade.

A taxa de ocupación media masculina supera en 20 puntos a feminina, e por conseguinte, a taxa de paro feminina practicamente duplica á masculina, tamén aquí as idades son determinantes aínda que en tódolos grupos as diferencias son abismais.

No grupo de maior taxa de ocupación, o de idades comprendidas entre os 25 e 54 anos, a diferenza cos homes é de 22,5 puntos (84,1- 61,6); e no grupo de maior taxa de paro, os de menos de 20 anos, tamén a diferenza é de 20 puntos: 21,3 – 41,3.

Nos últimos anos as taxas de actividade femininas viñéronse incrementado pero o grado de ocupación das mulleres segue sendo moi baixo, e por conseguinte as taxas de paro moi elevadas.

O emprego feminino.

O emprego feminino ten unhas características diferenciadas do masculino: está concentrado nun sector fundamentalmente, en ocupacións menos “cualificadas”, a temporalidade é maior e abundan máis as xornadas a tempo parcial.

Antes de afondar nas características non debemos de deixar de resaltar que no ano 2005, tan so o 41,9% dos traballadores en Galicia son mulleres, cando son maioría na poboación con máis de 16 anos.

- ✓ **As mulleres traballan maioritariamente no sector servizos.**

Ocupados por sexo e sector económico.

	Total	Homes	Mulleres
Total	1.130,1	655,9	474,2
Agricultura e pesca	120,9	67,8	53,2
Industria	217,4	152,4	65,0
Construcción	125,0	118,3	6,7
Servizos	666,7	317,4	349

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa.

O 73.6% das mulleres traballadoras galegas exercen a súa profesión dentro do sector servizos, o que marca claramente o importante peso relativo deste sector no colectivo. O seguinte sector de maior importancia é o industrial, onde traballan o 13,7% das mulleres ocupadas en Galicia; as diferencias son de tal magnitude que os comentarios sobran.

Dentro da ocupación masculina, a pesar de que o sector servizos tamén é maioritario (48%), hai unha maior distribución sectorial.

A falla dunha maior desagregación por ramas de actividade e sexo non nos permite localizar con maior precisión o emprego dentro de cada sector, pero por outros anos sabemos que o comercio é o maioritario dentro do sector servizos.

A distribución sectorial do emprego está moi ligado as ocupacións que desempeñan as mulleres, por eso é importante analizar como se distribúen os empregos segundo a ocupación.

Poboación ocupada por sexo e grandes grupos ocupacionais.

	2005		
	Homes	Mulleres	Total
Dirección de empresas e AAPP	56,9	32,8	89,7
Técnicos e profesionais universitarios	55,3	69,0	124,4
Técnicos e persoal de apoio.	63,0	46,2	109,3
Administrativos	31,0	58,7	89,7
Servicios de restauración, protección, vendedores de comercio.	56,8	106,2	163,0
Traballadores cualificados no s. Primario	54,0	48,4	102,3
T. cualificados na industria, construción e minería.	190,6	23,3	213,9
Operadores de instalacións e maquinaria.	82,6	22,2	104,8
Traballadores non cualificados	56,8	66,5	123,3
Fozas armadas	8,7	0,9	9,6
Total	655,9	474,2	1130,1

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa.

Os datos do cadro anterior permítenos certo optimismo sobre o futuro laboral das mulleres, se ben é certo que hai escaseza de mulleres en postos de alta dirección en empresas e administracións públicas, (sómente un 36,6% de mulleres), son maioría en técnicos e profesionais universitarios (55,5% son mulleres); é dicir, o maior número de mulleres con formación superior ou universitaria esta tendo o reflexo no mercado de traballo, e a medio longo prazo ten que se reflectir nos cargos de dirección, e polo tanto nos niveis salariais.

A categoría dos administrativos sempre tivo unha forte presenza feminina.

A forte implantación das mulleres no sector servicios, e especificamente no comercio reflíctese aquí na categoría de servicios de restauración e vendedores de comercio, onde os mulleres representan o 65,4% do total.

Na cuarta, e última ocupación, onde as mulleres superan ós homes en volume de ocupación é en traballadores non cualificados, neste caso, o 53,9% son mulleres.

A presenza das mulleres é mínima dentro das forzas armadas, tan so o 9,6% eran mulleres no 2005.

Entre os traballadores cualificados na industria, construción e servicios a presenza das mulleres tamén é simbólica, tan so o 10,9% en 2005. Esta é a ocupación que maior emprego xenerou en Galicia ó longo do ano pasado.

A modo de resumo podemos concluir, que en función da ocupación, ha dous grupos ben diferenciados:

- Un grupo maioritario de mulleres que desempeñan as súas funcións como vendedoras no sector servicios, administrativas ou persoal non cualificado, onde estaría incluído o servizo doméstico.
- Un grupo minoritario, que gracias a posesión de un título universitario, están situadas en categorías altas, e posiblemente con salarios aceptables.

En concordancia con esta distribución ocupacional, está a distribución por situación profesional destas ocupadas. Preto dos 75% das mulleres galegas participan no mercado de traballo como asalariadas. Como están repartidas estas asalariadas entre o sector público e o privado, así como o tipo de contrato de que dispoñen, tamén é información relevante.

Poboación ocupada asalariada no sector público e privado, por tipo de contrato e sexo.

	2005		
	Contrato indefinido	Contrato temporal	Total
Asalariados sector privado			
Homes	253,8	145,3	399,1
Mulleres	158,5	100,5	259,0
Total	412,3	245,8	658,1
Asalariados sector público			
Homes	69,8	17,7	87,5
Mulleres	65,3	29,9	95,2
Total	135,1	47,6	182,8
Asalariados			
Homes	323,6	163,0	486,6
Mulleres	223,8	130,4	354,2
Total	547,4	293,5	840,9

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa.

Temos que destacar en primeiro lugar a elevada porcentaxe de asalariados que en Galicia dispoñen dun contrato temporal, 34,9%; superior no caso das mulleres, 36,8% que no dos homes 33,5%.

A temporalidade é máis elevada no caso das mulleres sexan estas do sector público ou do privado, pero é máis destacable, máis alarmante e sen dúbida denunciante o que ocorre no sector público.

En informes anteriores chamábase a atención sobre o incremento da temporalidade no sector público, ate este ano non sabíamos como isto afectaba ós distintos sexos. Os datos son de escándalo. Os responsables de velar pola igualdade, por unhas boas condicións laborais... son os que están fomentando, ou cando menos permitindo estas situacións: no sector público a inestabilidade laboral alcanzou no 2005 o 26% dos traballadores, pero cunhas diferenzas entre homes e mulleres difíciles de soportar: a taxa de temporalidade das asalariadas do sector público é do 31,4% mentres que a dos homes do 20,2%, 11,2 puntos de diferenza.

Estas diferenzas son moi semellantes na media estatal.

O rexistro de contratos no Instituto nacional de Emprego durante o ano 2005, concorda cos datos anteriores.

Contratos segundo sexo e modalidade de contratación. Ano 2005

	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Duración temporal	387581	333787	721368	53,7	46,3
Por obra ou servizo determinado	178436	111475	289911	61,5	38,5
Event. por circunstancias da prod.	161031	151041	312072	51,6	48,4
Interinidade	18414	47078	65492	28,1	71,9
Temporal para minusválidos	490	209	699	70,1	29,9
Sustit. por xubilación ós 64 anos	38	20	58	65,5	34,5
Prácticas	3605	3592	7197	50,1	49,9
Formación lei 63/97	8686	4617	13303	65,3	34,7
Temporal de inserción	319	468	787	40,5	59,5
De relevo	940	350	1290	72,9	27,1
Xubilación parcial	1112	153	1265	87,9	12,1
Outros	14510	14784	29294	49,5	50,5
Duración indefinida	20533	14857	35390	58,0	42,0
Indefinidos ordinarios	15398	5509	20907	73,6	26,4
Indefinidos lei 63/97	4732	9149	13881	34,1	65,9
Minusválidos	403	199	602	66,9	33,1
Total contratos	408114	348644	756758	53,9	46,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados polo INEM:

Do total de asalariados estimados en Galicia no ano 2005, o 57,8% son homes, polo que é lóxico que a proporción de contratos asinados por homes sexa maior que a de mulleres. O que xa non ten lóxica é que a pesar de ter unha taxa de temporalidade superior as mulleres (36,8% no ano 2005) e das fortes axudas existentes para reducilas, tan so asinen o 42% dos contratos de

duración indefinida no ano 2005, cando do conxunto da contratación rexístrase a 46,1% o seu nome.

En termos relativos, descendeu o peso dos contratos indefinidos femininos con respecto ó ano 2004: no 2004 o 43,6% dos indefinidos foron asinado por mulleres, en 2005 o 42,0%, 1,6 punto menos.

Como ven sendo habitual, hai determinadas modalidades de contratación cun peso claramente feminino e outros onde o peso dos homes é moito maior. Entre os claramente femininos destacan os de interinidade e os temporais de inserción, e entre as masculinas, teñen un peso claramente dominante as de xubilación parcial e relevo.

Dentro das de duración indefinida, os contratos ordinarios asínanos maioritariamente homes o os acollidos a lei 63/97 mulleres.

Cos datos de contratos e de persoal asalariados por tipo de contrato podemos calcular a rotación do emprego, é dicir, o número de contratos que de media asina cada traballador ó longo do ano.

A rotación do emprego por sexos no ano 2005 foi como segue:

- ✓ 163.000 homes con contrato temporal asinaron 387.581 contratos temporais o longo do 2005, o que da unha media de 2,3 contratos ano.
- ✓ 130.400 mulleres con contrato temporal asinaron 333.787 contratos temporais, o que da unha media de 2,5 contratos ano.

En 2 décimas supera a rotación do emprego masculino ó feminino.

Xunto á maior temporalidade e maior rotación no emprego, hai outra característica típica do emprego feminino: o maior uso da xornada a tempo parcial.

Contratos segundo tipo de xornada e sexo.

	2005		
	Total	Home	Muller
Xornada Parcial	170.058	60.627	109.431
Xornada Completa	584.287	346.294	237.993
Fixos - Descontinuos	2.413	1.193	1.220
Total	756.758	408.114	348.644

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do INEM.

Continúan sendo maioritarios os contratos a xornada completa, pero a xornada parcial ven medrando pouco a pouco e afecta maioritariamente ás mulleres, este último ano non foi unha excepción.

Do total de contratos rexistrados a xornada parcial, o 64,3% foron a nome de mulleres, tamén nos fixos descontínuos a presenza da muller é lixeiramente maior.

As mulleres e o paro.

O principio deste documento xa comentábamnos a maior incidencia do paro entre as mulleres que entre os homes, dato que se reflectía nas maiores taxas de paro que padecen as mulleres con respecto ós homes; de feito, no 2005 mentres a taxa de paro masculina é do 7,2% a feminina practicamente a duplica; 13,5%.

Se analizamos os valores en termos absolutos, dos 124.800 parados ós que se “reduciu” o paro no 2005, 74.100 son mulleres, é dicir o 59,3%.

Aínda que en tódalas idades o nivel de paro é importante, entre as máis novas o problema é máis grave, de feito, do total de mulleres parados no ano 2005, o 43% teñen menos de 30 anos.

Outra característica do desemprego feminino é a maior permanencia nesta situación:

Parados segundo o tempo da procura de emprego e sexo.

	2005		
	Total	Homes	Mulleres
Total	124,8	50,7	74,1
Xa atopou traballo	11,0	5,5	5,5
Menos de 1 mes	9,6	4,5	5,1
De 1 a 3 meses	23,1	10,0	13,1
De 3 a 6 meses	19,1	7,8	11,3
De 6 meses a 1 ano	16,8	7,0	9,8
De 1 ano a menos de 2 anos	19,3	8,3	11,0
Máis de 2 anos	26,0	7,6	18,3

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa.

Do cadro anterior podemos tirar varias conclusións:

- Dos parados que levan máis de 2 anos no paro e que polo tanto xa non están cubertos por prestacións contributivas, o 70,4% son mulleres.
- O 24,7% das mulleres paradas levan máis de 2 anos nesta situación, fronte ó 15% dos homes.
- Preto do 40% das mulleres levan máis de 1 ano paradas.

A falla de postos de traballo que padece Galicia, que se reflicte nas elevadas taxas de paro que vimos de comentar, obriga a miles de galegos tódolos anos a buscar traballo fora do seu lugar de residencia habitual

No ano 2004 (últimas estatísticas dispoñibles) foron 79.957 os galegos e galegas que mudaron de residencia (o 50,6% mulleres); a maioría (57.312), foi emigración interna, movementos dentro da propia comunidade. As restantes 22.645 persoas emigraron a outra comunidade do estado español ou ó estranxeiro, delas, 10.983 foron mulleres, o 48,5%.

No que atinxe a salarios, a falla de información recente desagregada por sexos, lévanos a retrotraernos ó ano 2002, á enquisa de estrutura salarial, segundo a cal, o salario dunha muller era de media un 27% inferior á de un home.

Con tódolos datos que viñemos analizando ó longo do documento, a conclusión ou reflexión final pode ser incluso contradictoria.

Por un lado hai un maior presenza das mulleres no mundo do traballo, pero por outro lado os niveis de ocupación seguen sendo moi baixos, e polo tanto os de paro moi altos, especialmente entre as máis novas, que por outra parte, contan cun nivel de formación maior.

Esta maior formación reflíctese a súa vez nunha maior presenza feminina nas ocupacións técnicas superiores e universitarias, que nos crean certo optimismo cara a unha maior presenza feminina en postos de alta dirección, onde o déficit é moi grande.

Cando falamos da situación laboral dentro de Galicia non debemos esquecer a emigración, segue estando presente, segue sendo importante (no ano 2004 o número de nacementos (20.534 nacementos) foi inferior o de emigrados fora de Galicia), afecta especialmente ás mulleres, e “gracias” á mesma a taxa de paro non é superior.

Natividad López Gromaz
Gabinete Técnico Confederal
Vigo, 27 de febreiro de 2006.